

CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	5
<i>Prácticas remuneradas</i>	5
<i>Emprego</i>	5
<i>Financiamento</i>	6
Participación dos cidadáns	9
<i>Iniciativas lexislativas</i>	9
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	9
Actos xurídicos	10
<i>Actos lexislativos</i>	10
<i>Propostas lexislativas</i>	10
<i>Outros actos</i>	10
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	12
Procesos por infracción contra España	15
Estatísticas do Eurostat	16
<i>Indicadores económicos</i>	16
<i>Outros datos</i>	16
Documentos do Tribunal de Contas da UE	18
Suxestións bibliográficas	19
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	19
<i>Outras obras</i>	20

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido.

ACTUALIDADE

Irán

A presidenta da Comisión Europea, a conservadora alemá Ursula von der Leyen, afirmou, en referencia á guerra dos EUA e Israel contra Irán, que a UE «xa non pode ser a gardiá da vella orde mundial» baseada no dereito internacional. Von der Leyen asegurou que a UE defenderá «sempre» o «sistema baseado en regras», mais agregando que a UE xa non pode confiar exclusivamente nesta estrutura para protexer os seus intereses. As súas declaracións foron criticadas desde as propias institucións comunitarias. O presidente do Consello Europeo, o socialdemócrata portugués António Costa, e a vicepresidenta da Comisión, a socialdemócrata española Teresa Ribera, foron algunhas das figuras prominentes que se distanciaron de Von der Leyen; outras críticas viñeron do Parlamento Europeo. Posteriormente, os xefes de estado e de goberno dos 27, reunidos no Consello Europeo, emitiron unha declaración exhortando «á máxima contención, á protección da poboación civil e das infraestruturas civís e ao pleno respecto polo dereito internacional, incluíndo os principios da Carta das Nacións Unidas e o dereito internacional humanitario». Xa semanas antes a alta representante da UE para as Relacións Externas e a Política de Seguranza, a liberal estoniana Kaja Kallas, fixera unha declaración similar en nome da UE. • A Comisión prometeu apoiar España contra as ameazas comerciais feitas polo presidente estadounidense, Donald Trump. «A través da nosa política comercial común, estamos prontos para actuar, se for necesario, para salvagardar os intereses da UE», afirmaron representantes da Comisión. «Calquera ameaza contra un estado membro é unha ameaza contra a UE», declarou posteriormente o comisario para o Mercado Interno, o liberal francés Stéphane Séjourné. As declaracións respondían á ameaza de Trump de suspender todo o comercio con España, despois que o presidente do goberno español, Pedro Sánchez, rexeitase autorizar aos EUA o uso para ataques contra Irán das bases militares estadounidenses en España.

Máis información sobre as declaracións de Von der Leyen [no *The Guardian*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE*](#).

Comunicado de prensa coa declaración dos xefes de estado e de goberno [no sitio do Consello Europeo](#).

Máis información sobre a declaración do Consello Europeo [no *EuroEFE*](#).

Comunicado de prensa da alta representante [no sitio do Consello da UE](#).

Máis información sobre a defensa de España [no *EUobserver*](#) (en inglés).

Axuda humanitaria para o Medio Oriente

A Comisión Europea confirmou a transferencia de 458 millóns de euros en axuda humanitaria para Palestina, o Líbano, Siria, Xordania e Exipto en 2026. Coa retirada de grandes doantes da rexión e o dereito humanitario internacional so unha presión sen precedentes, a UE mantén o fornecemento de asistencia vital a millóns de persoas.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no *EuroEFE*](#).

Axudas para a Ucraína

O goberno húngaro de extrema dereita, liderado polo primeiro ministro Viktor Orbán, vetou novas axudas comunitarias á Ucraína aprobadas en decembro. Naquela altura, Hungría aceptara a entrega das axudas. A mudanza de opinión ten que ver co acceso ao petróleo de Rusia. Hungría depende da enerxía rusa e Orbán acusou a Ucraína de interromper este fornecemento de enerxía ao non reparar un oleoduto da era soviética, chamado Druzhba, que transporta petróleo ruso para Hungría e para Eslovaquia a través da Ucraína. O goberno ucraíno afirma que o oleoduto foi danado en xaneiro por ataques aéreos rusos e que a súa reparación levará tempo, mais tamén que restablecer o fluxo de petróleo sería equivalente a levantar as sancións contra Moscova.

Máis información [na BBC](#) (en inglés).

Aplicación provisoria do acordo comercial co Mercosur

A Comisión Europea notificou os países do Mercosur sobre o instrumento para a aplicación provisoria do Acordo Comercial Interino UE-Mercosur. A Comisión deu o paso final necesario para a aplicación provisoria do acordo, a cal terá lugar a partir de 1 de maio entre a UE e todos os estados do Mercosur que concluíren os seus procedementos de ratificación e notificaren a UE. A Arxentina, o Brasil e o Uruguai xa o fixeron. O Paraguai ratificou recentemente o acordo e espérase que envíe a súa notificación en breve. • Antes, o Parlamento da UE e o Consello aprobaran un regulamento con medidas de salvagarda para protexer os agricultores locais de potenciais perturbacións no mercado decorrentes do acordo comercial co Mercosur.

Comunicado de prensa sobre a notificación [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no Politico](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no EuroEFE](#).

Comunicado de prensa sobre as salvagardas [no sitio do Consello](#).

Máis información sobre as salvagardas [no Euractiv](#).

Acordos con Suíza

A presidente da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, e o presidente de Suíza, Guy Parmelin, asinaron un amplo paquete de acordos — incluíndo condicións para o comercio, o mercado enerxético, o transporte e a libre circulación de persoas — co obxectivo de reforzar e expandir as relacións entre a UE e a confederación helvética.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Preguntas e respostas sobre o paquete [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no EuroEFE](#).

Acordos con Australia

A UE e o goberno de Australia asinaron un pacto de seguranza e defensa, e concluíron as negociacións para un futuro acordo comercial entre ambas as partes (cuxo texto aínda debe ser presentado pola Comisión ao Consello da UE para a súa sinatura, votado no Parlamento da UE e aprobado polo Consello da UE). Alén diso, tamén acordaron iniciar as negociacións para a integración de Australia no programa comunitario de investigación Horizonte.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [na BBC](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no Euractiv](#).

Simplificación normativa para as empresas

O Consello da UE deu luz verde á simplificación dos requisitos de presentación de información e de dilixencia debida para as empresas en materia de sustentabilidade. Unha directiva modificada simplifica a Directiva relativa á presentación de información de sustentabilidade empresarial e a Directiva sobre dilixencia debida das empresas en materia de sustentabilidade, reducindo a carga de presentar información e limitando as obrigas para as empresas de menor dimensión. O paquete Ómnibus I de actos de simplificación, no cal as novas medidas están encadradas, aspira a reducir a complexidade e os obstáculos innecesarios, minimizar a burocracia, aumentar a eficiencia e reforzar a flexibilidade para as empresas abrangidas polo seu ámbito de aplicación, co obxectivo de impulsar a competitividade da UE.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no Europapress](#).

Normas sobre quebras bancarias

Após a aprobación polo Consello da UE, o Parlamento Europeo aprobou tres novas normas sobre quebras bancarias para protexer contribuíntes e aforradores. O paquete legislativo está composto pola Directiva de Reestruturación e Resolución Bancaria, o Regulamento do Mecanismo Único de Resolución e a Directiva dos Sistemas de Garantía de Depósitos.

Comunicado de prensa [no sitio da eurocámara](#).

Iniciativa «Unha Europa, un mercado»

Os xefes de estado e de goberno dos 27, reunidos no Consello Europeo, lanzaron o plano «Unha Europa, un mercado», que deberá ser implementado ao longo de 2026, sempre que for posible, e o máis tardar durante 2027, e que identifica unha serie de medidas concretas con prazos ambiciosos para impulsar a competitividade e mellorar a autonomía estratéxica e a seguranza económica, mantendo o modelo social da UE. • Entre outras medidas, o plano inclúe a aprobación dun 28.^o réxime no ámbito do dereito de sociedades, isto é, de normas simplificadas e harmonizadas para a creación de empresas. A Comisión xa presentou unha proposta neste sentido, a cal debe ser aprobado polo Parlamento da UE e o Consello.

Comunicado de prensa sobre o plano «Unha Europa, un mercado» [no sitio do Consello Europeo](#).

Comunicado de prensa sobre o 28.^o réxime para as empresas [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no EUobserver](#) (en inglés) [no EuroEFE](#).

Axudas para industrias sustentables

O Fondo de Innovación continúa a apoiar o fomento de tecnoloxías de emisións líquidas cero en toda a UE cos ingresos do Sistema de Comercio de Licenzas de Emisión da UE (EU ETS). Cincuenta e catro proxectos de vangarda seleccionados no ámbito do Concurso de Tecnoloxías de Emisións Líquidas Cero do Fondo de Innovación 2024 asinaron os seus contratos de financiamento, o que representa un paso crucial para a expansión das súas tecnoloxías. Seis proxectos adicionais da lista de espera foron tamén convidados a iniciar a preparación dos seus contratos de financiamento.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Axudas para a tradución literaria

O programa Europa Creativa concedeu máis de 5,5 millóns de euros para apoiar a tradución, publicación e promoción de obras de ficción, que será publicadas en toda Europa e noutros continentes. Foron seleccionados 46 proxectos, que abranguen un total de 499 obras, para tradución de 36 a 24 linguas, con predominio da literatura infanto-xuvenil e das novelas. As obras serán publicadas nos próximos tres anos.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, a través de [Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Varios prazos.
- [Comisión Europea](#) (prácticas «Blue Book»). Prazo até 7 de abril.

Emprego

Procesos de selección de persoal contratado (CAST)

- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado (CAST). Sen prazo.

Procesos de selección para outros empregos

- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal na Comisión. Varios prazos.
- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en diferentes institucións e organismos da UE. Varios prazos.
- Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en axencias da UE. Varios prazos.
- Outros procesos de selección da EPSO. Varios prazos.
- Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos. Varios prazos.
- Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión (*Joint Research Centre, JRC*). Varios prazos.
- Empregos para investigadores científicos ofrecidos por [Euraxess](#). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.

Financiamento

Cultura

- Fomento do acceso dos ucranianos á cultura. Prazo até 16 de abril.
- Innovación no patrimonio cultural. Prazo até 20 de abril.
- Proxectos de cooperación cultural europea. Prazo até 5 de maio.
- ZMINA: Resiliencia Ucraína. Prazo até 10 de maio.

Acción externa

- Autoridade Fiscal de Bosnia e Herzegovina. Prazo até 17 de abril.
- Apoio a unha sociedade civil congoleña. Prazo até 20 de abril.
- Fortalecemento da sociedade civil en Armenia. Prazo até 20 de abril.
- Fortalecemento do rexistro civil dixital do Salvador. Prazo até 21 de abril.
- Violencia de xénero en Mauritania. Prazo até 23 de abril.
- Dereitos humanos en Somalia. Prazo até 28 de abril.
- Apoio ás estruturas africanas de gobernación. Prazo até 30 de abril.
- Sociedade civil en Guatemala. Prazo até 6 de maio.
- Prevención da violencia de xénero na RDC. Prazo até 21 de maio.
- Liberdade dos medios de comunicación en Pakistán. Prazo até 1 de xuño.
- África Central. Fronteiras IV. Prazo até 1 de xuño.
- Sociedade civil no Panamá. Prazo até 4 de xuño.

Sociedade dixital

- Formación en competencias de ciberseguranza. Prazo até 19 de abril.
- Convocatoria aberta CYSSDE 03. Prazo até 28 de abril.
- Iniciativa de apoio á diplomacia dos chips. Prazo até 30 de abril.
- Espazo 2026. Prazo até 3 de maio.
- Bolsas Phortify para mulleres. Prazo até 19 de maio.
- Digital Global Gateways. Prazo até 30 de xuño.

Mercado único e concorrència

- Protección do euro contra a falsificación. Prazo até 21 de abril.
- Convocatoria aberta CITADEL #01. Prazo até 5 de maio.

- Segunda convocatoria INSPIRES 2026. Prazo até 11 de maio.
- Innovacións tecnolóxicas avanzadas con cero emisións. Prazo até 20 de maio.
- Financiamento de organismos de resolución alternativa de litixios. Prazo até 21 de maio.

Investigación e innovación

- StandICT.eu 2029. Convocatoria aberta #02. Prazo até 24 de abril.
- Rede europea de repositorios dixitais. Prazo até 30 de abril.
- Convocatoria aberta COP-PILOT 1. Prazo até 4 de maio.
- Convocatoria aberta n.º 2 de AUTOASSESS. Prazo até 5 de maio.
- Open Horizons n.º 3. Prazo até 19 de maio.
- Programa de residencias de xornalismo científico. Prazo até 25 de maio.
- Programa de mobilidade específica EURES. Prazo até 26 de maio.
- Iniciativas de investigación e atención oncolóxicas. Prazo até 31 de maio.
- Infraestruturas de investigación 2026. Prazo até 16 de xuño.
- Academia Europea de Competencias Nucleares. Prazo até 15 de setembro.
- Apoio a estudantes de mestrado para asistir a actividades educativas FuseNet. Prazo até 31 de decembro.
- Apoio a estudantes de mestrado prácticas FuseNet. Prazo até 31 de decembro.
- Organización de obradoiros sobre fusión. Prazo até 31 de decembro.

Ambiente, enerxía e clima

- Enerxía eólica mariña, fotovoltaica e redes enerxéticas. Prazo até 28 de abril.
- Mecanismo de financiamento de tecnoloxía de enerxías renovables. Prazo até 1 de setembro.

Fiscalidade

- Formación Programa contra a Fraude. Prazo até 7 de maio.
- Asistencia técnica Programa contra a Fraude. Prazo até 7 de maio.

Cidadáns

- Stronger Roots V4. Prazo até 20 de maio.
- Participación e empoderamento da comunidade. Prazo até 27 de maio.
- Divulgación da lexislación en materia de protección de datos. Prazo até 28 de maio.

Educación, deporte e xuventude

- Bolsa Erasmus+ 2026. Prazo até 28 de maio.

Política agraria común

- Novos negocios para agricultores en zonas rurais. Prazo até 8 de xuño.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Iniciativas lexislativas

- «A alimentación é un dereito humano para todas as persoas! Garantir sistemas alimentarios sans, xustos e sustentables». Prazo até 7 de xaneiro de 2027.
- Exixir a suspensión total do Acordo de Asociación UE-Israel tendo en conta as violacións dos dereitos humanos cometidas por Israel. Prazo até 13 de xaneiro de 2027.
- Parar de financiar a guerra de Rusia: Eliminación progresiva das importacións prexudiciais e inútiles da Rusia para a UE. Prazo até 12 de febreiro de 2027.
- «Ética, transparencia e integridade para os partidos políticos europeos». Prazo até 2 de marzo de 2027.
- «Fin á dualidade de criterios en materia de dereitos humanos». Prazo até 3 de marzo de 2027.
- Iniciativa da UE para protexer os cans e gatos vagabundos e os animais en refuxios en estados da UE ou non pertencentes á UE. Prazo até 13 de marzo de 2027.

Consultas públicas aos cidadáns

Mercado único

- Facturación electrónica: Revisión das normas da UE. Prazo até 10 de xuño.

Enerxía e clima

- Marco legal da eficiencia enerxética post-2030. Prazo até 12 de xuño.
- Marco legal da enerxía renovable post-2030. Prazo até 12 de xuño.
- Directiva sobre residuos radioactivos e Directiva sobre o traslado de residuos radioactivos: Avaliación. Prazo até 19 de xuño.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos publicados no último mes considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Acordo de Asociación entre a UE e os seus estados membros, por un lado, e o Mercado Común do Sur, a República Arxentina, a República Federativa do Brasil, a República do Paraguai e a República Oriental do Uruguai, por outro.
- Acordo Comercial Interino entre a UE, por un lado, e o Mercado Común do Sur, a República Arxentina, a República Federativa do Brasil, a República do Paraguai e a República Oriental do Uruguai, por outro.
- Regulamento (UE) 2026/687 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de marzo de 2026, que aplica as cláusulas de salvagarda bilaterais do Acordo de Asociación UE-Mercosur e do Acordo Comercial Interino UE-Mercosur para os produtos agrícolas.
- Regulamento (UE) 2026/667 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de marzo de 2026, relativo ao establecemento dunha meta climática intermedia da UE para 2040.
- Regulamento (UE) 2026/463 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de febreiro de 2026, relativo á aplicación do concepto de país terceiro seguro.
- Directiva (UE) 2026/470 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de febreiro de 2026, relativa a determinados requisitos de comunicación de informacións sobre sustentabilidade empresarial e de dilixencia debida en materia de sustentabilidade empresarial. (Texto pertinente para efectos do EEE.)

Propostas legislativas

- Proposta de REGULAMENTO DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO sobre o 28.º RÉXIME DO CADRO XURÍDICO DAS EMPRESAS - 'EU INC.'.
- Proposta de REGULAMENTO DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO que establece un cadro de medidas para a aceleración da capacidade industrial e a descarbonización en sectores estratéxicos.
- Proposta de REGULAMENTO DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO sobre a creación do Programa para a innovación áxil e rápida na defensa (AGILE).

Outros actos

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS: Rumbo a un 28.º réxime para as empresas da UE.

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS: Estratexia para o desenvolvemento e implantación de pequenos reactores modulares en Europa.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS: Estratexia de Investimento en Enerxía Limpa.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS sobre a Estratexia Industrial Marítima da UE.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS: Estratexia da UE para os Portos.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS: Estratexia para a Igualdade de Xénero 2026-2030.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS: Estratexia sobre a Equidade Interxeracional.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN Ao PARLAMENTO EUROPEO, Ao CONSELLO, Ao COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E Ao COMITÉ DAS REXIÓNS «ProtectEU»: Iniciativa para previr e combater o terrorismo e o extremismo violento.
- Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións sobre a xestión integrada do risco de incendios forestais.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO CONSELLO E AO PARLAMENTO EUROPEO sobre a preparación do sector financeiro da UE.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Principios de dereito comunitario

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-767/23](#), resolveu que un tribunal dun estado que resolva unha causa en última instancia debe sempre fundamentar o seu rexeitamento a someter unha cuestión prexudicial ao Tribunal de Xustiza. Mesmo que ese tribunal estea facultado a rexeitar recursos a través dunha motivación abreviada, debe, en calquera caso, expor, de forma específica e concreta, as razóns po que se aplica unha das excepcións á obrigação de someter unha cuestión prexudicial.

[Resumo da sentenza.](#)

Estado de dereito

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-521/21](#), resolveu que unha irregularidade cometida no nomeamento dun xuíz non é, por si soa, suficiente para concluír que o referido xuíz non é independente; é necesaria unha avaliación abrangente de todas as circunstancias que rodean o nomeamento do referido xuíz. A participación do Consello Nacional da Maxistratura de Polonia, creado no ámbito dunha reforma do sistema xudicial polaco, no procedemento de nomeamento dun xuíz, e a falta de protección xudicial efectiva para solicitantes non seleccionados, non son, por si sós, motivos suficientes para descualificar o referido xuíz.

[Resumo da sentenza.](#)

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-84/24](#), resolveu que os activos dunha sociedade que non conste na lista de persoas sancionadas poden ser conxelados se sociedade for controlada por unha persoa incluída na lista. Presúmese que unha persoa da lista controla unha sociedade, alén dos seus capitais e recursos económicos, cando posúe 50 % do seu capital.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-465/24](#), resolveu, sobre as medidas restritivas contra Rusia, que o conxelamento de fondos impide, de forma absoluta e incondicional, que o titular dun certificado de accións participe e vote nunha asemblea xeral de accionistas.

[Resumo da sentenza.](#)

Libre circulación de persoas

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-43/24](#), resolveu que a lexislación dun estado membro é contraria ao dereito da UE se non permitir a alteración dos datos relativos ao xénero dun dos seus nacionais que exercese o seu dereito á libre circulación.

[Resumo da sentenza.](#)

Consumo

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-514/24](#), na esfera das telecomunicacións, resolveu que o subscritor pode rescindir o contrato de acceso á internet gratuitamente se o con-

trato for modificado para cumprir unha decisión do Tribunal de Xustiza. Dado que esta modificación non é directamente exixida pola lexislación da UE, a excepción ao dereito de rescisión gratuita non se aplica.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-679/24](#), esclareceu, sobre os empréstitos en moeda estranxeira, o prazo de prescrición para as accións de restitución de sumas pagas en virtude dunha cláusula abusiva.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-412/24](#), resolveu, sobre os artigos de coiro de luxo, que a inclusión dun número no nome dunha marca que evoque un legado histórico ficticio pode ser considerada enganadora para o público. A inclusión dun número no nome dunha marca que evoca un antigo ano de fundación da empresa e, por tanto, unha longa tradición que, no entanto, non corresponde á realidade, pode inducir os consumidores a erro canto á calidade e ao prestixio dos produtos.

[Resumo da sentenza.](#)

Mercado único

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-171/24 P](#) a [C-177/24 P](#), e [C-178/24 P](#) e [179/24 P](#), confirmou, tal como xa o fixera o Tribunal Xeral, a aprobación pola Comisión da adquisición, pola E.ON, das actividades de distribución e comercialización retalista de enerxía, alén de determinados activos de xeración, da Innogy.

[Resumo da sentenza.](#)

Asilo, refuxio e inmigración

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-458/24](#), resolveu que o negativa dun estado membro a facerse cargo de solicitantes de asilo dos cales é responsable pode, en última instancia, significar que o estado requirente terá que examinar a petición de asilo. A Comisión ou calquera outro estado membro pode interpor un recurso por incumprimento contra un estado membro que non cumpra o Regulamento de Dublín III.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-150/24](#), resolveu, sobre a devolución de persoas sen documentos, que para calcular a duración máxima do internamento, deben ser sumados todos os períodos de internamento cumpridos ao abrigo dunha única decisión de devolución.

[Resumo da sentenza.](#)

Emprego e asuntos sociais

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-258/24](#), resolveu que unha asociación católica non pode despedir unha empregada simplemente porque ela deixou a Igrexa Católica. Tal despedimento presupón, entre outras cousas, que, considerando a natureza das actividades desenvolvidas, a existencia de non abandonar a Igrexa é esencial, lexítima e xustificada.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-151/24](#), resolveu, en relación á asistencia social para nacionais de países terceiros, que os estados membros poden exixir a posesión dunha autorización de residencia de longa duración. Na verdade, na esfera social, o principio da igualdade de tratamento aplícase só ao réxime de seguranza social dos traballadores e non abrangue prestacións meramente asistenciais.

[Resumo da sentenza.](#)

Protección de datos persoais

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-526/24](#), resolveu que unha petición de acceso aos propios datos persoais pode ser considerada abusiva e rexeitada se for presentada co único propósito de posteriormente procurar indemnización por unha alegada violación do [RXPD](#).

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-371/24](#), resolveu que a recolla de datos biométricos por unha autoridade policial no ámbito dunha investigación criminal só se xustifica en casos de estrita necesidade. A recolla de datos de identificación non pode ser imposta de forma sistemática, debendo ser claramente xustificada, so pena de invalidación da sanción penal imposta en caso de negativa a fornecelos.

[Resumo da sentenza.](#)

PESC

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-696/23 P](#), [C-704/23 P](#), [C-711/23 P](#), [C-35/24 P](#) e [C-111/24 P](#), confirmou, sobre a guerra na Ucraína, o conxelamento de fondos de cinco dos principais empresarios que operan en Rusia.

[Resumo da sentenza.](#)

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Fiscalidade

A Comisión Europea decidiu levar España perante o TXUE por non traspasar para a súa lexislación dúas directivas relativas a medidas de IVA: a [Directiva \(UE\) 2020/285 do Consello, de 18 de febreiro de 2020](#), que altera a [Directiva 2006/112/CE](#) relativa ao sistema común do imposto sobre o valor engadido no que respecta ao réxime especial para as pequenas empresas, e o [Regulamento \(UE\) n.º 904/2010](#) relativo á cooperación administrativa e ao troco de informacións para efectos de monitorización da correcta aplicación do réxime especial para as pequenas empresas [INFR(2025)0047]; e a [Directiva \(UE\) 2022/542 do Consello, de 5 de abril de 2022](#), que modifica as Directivas 2006/112/CE e (UE) 2020/285 no que respecta ás taxas do imposto sobre o valor acrescentado [INFR(2025)0048]. A Comisión considera que, até a data, os esforzos das autoridades españolas foron insuficientes e, por conseguinte, enviará o caso de España para o TXUE, solicitando a imposición de sancións financeiras. Para máis información, pódese consultar o [comunicado de prensa correspondente](#).

Espazo de liberade, seguranza e xustiza

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non comunicar a transposición integral da Directiva relativa ás probas electrónicas ([Directiva \(UE\) 2023/1544](#)). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Sistema bancario

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non traspasar integramente a Sexta Directiva de Requisitos de Capital ([Directiva \(UE\) 2024/1619](#) – CRD6). España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Mercado único

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España por non traspasar integramente a Directiva Ómnibus do Punto de Acceso Único Europeo (ESAP) ([Directiva UE 2023/2864](#)) relativamente ás alteracións introducidas en 15 directivas que exigen que as divulgacións sexan enviadas ao ESAP nun formato específico con metadatos acompañantes. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Déficit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Producción na construción.
- Producción industrial.
- Producción nos servizos.
- Incremento anual dos custos laborais na eurozona.
- Oferta de emprego na eurozona.
- Inflación anual na eurozona.
- PIB e emprego na eurozona.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Desemprego na eurozona.

Outros datos

- Salario mínimo.
- Crecemento forestal.
- Acceso ao tratamento de augas residuais.
- Estatísticas básicas.
- Formación en liña.
- Cota de electricidade proveniente de fontes renovables.
- Densidade de autoestradas e ferrocarrís.
- Dependencia das importacións de enerxía.
- Producción de gado.
- Peticións de asilo.
- Superávit do comercio der servizos de transporte.
- Fluxos do mercado de traballo.
- Esperanza de vida.

- Taxa de emprego.
- Causas de morte.
- Prezos agrícolas.
- Uso de servizos da administración electrónica.
- Uso de transporte público.
- Problemas co comercio electrónico.
- Prezo da electricidade e o gas.
- Protección temporal.
- Liñas ferroviarias.
- Factores ligados á taxa de emprego por xénero.
- Produto Interno Bruto.
- Producción mercantil total.
- Taxa de fertilidade.
- Mulleres nos parlamentos e nos gobernos dos estados membros.
- Uso de vehículos eléctricos.
- Pernoitas turísticas.
- Desigualdades de xénero na taxa de emprego.
- Desigualdades de xénero nas pensións.
- Xénero e cargos de xestión.
- Percepción de discriminación segundo o lugar de nacemento.
- Inmigración.
- Formación bruta de capital fixo.
- Comercio de mercadorías cos EUA.
- Importacións de servizos.
- Empregos en empresas estyranxeiras no sector dos transportes.
- Valor acrescentado bruto na agricultura.

DOCUMENTOS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 08/2026: Cooperación internacional en materia de seguranza nuclear.
- Relatorio Especial 10/2026: Comunidades de enerxía.
- Relatorio Especial 11/2026: Fondo de Innovación.
- Relatorio Especial 12/2026: Órganos consultivos da UE.
- Relatorio Especial 13/2026: Mercado único de servizos.
- Ditame 11/2026.
- Ditame 12/2026.

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Stone, David. 2025. *Stone on European Union Design Law: A Practitioners' Guide*. 3.^a ed. Oxford: University Press. <https://doi.org/10.1093/9780191880261.001.0001>.

O dereito de deseños é un campo complexo e en constante evolución na UE. Vinte anos despois da introdución do sistema de deseños rexistrados comunitarios, a UE modificou significativamente a súa lexislación sobre deseños. Estas mudanzas modernizan a lexislación para garantir a protección dos dereitos dos deseñadores e harmonizar a protección dos deseños en todos os estados membros. Este libro, na súa nova edición, ofrece unha cobertura completa e actualizada da lexislación de toda a UE e dos millares de decisións xudiciais e arbitrais que a interpretan. Os capítulos abordan temas como a definición de termos, o sistema xudicial con xurisdición sobre as disputas sobre deseños industriais na UE, a superposición con outros dereitos de propiedade intelectual, as exclusións da protección, a lexislación da UE sobre deseños industriais, a invalidez de deseños anteriores e os argumentos de novidade, o procedemento da EUIPO (o organismo da UE que xestiona as marcas comerciais, os deseños e os dereitos de autor), as infraccións e as defensas aplicables, e as cuestións xurisdiccionais.

Lutzi, Tobias, Ennio Piovesani, e Dora Zgrabljíć Rotar, eds. 2026. *Recognition and Enforcement of Non-EU Judgments*. Oxford: Hart. <https://doi.org/10.5040/9781509979400>.

Os puntos de converxencia (e diverxencia) emerxentes constitúen a base dun estudo comparativo detallado que ofrece unha visión xeral única do marco xurídico vixente para o recoñecemento e a execución de sentenzas de terceiros estados en toda a UE. Mediante a súa metodoloxía de presentación de relatorios estado por estado, este libro estudo explora as normas de 21 estados membros dun modo estruturado. Isto permite (polo menos) tres puntos de comparación interesantes: entre as leis dos estados membros individualmente; entre as leis dos estados membros e o marco xurídico aplicable ás sentenzas da UE en virtude do [Regulamento de Bruxelas Ia](#); e entre as leis dos estados membros e a [Convención HCCH de 2019 sobre sentenzas](#).

Farrand, Benjamin. 2026. *Geopolitical Union: Europe's Attempt to Take Back Control of Technology Regulation*. Cambridge: Cambridge University Press. <https://doi.org/10.1017/9781009691093>.

Desde o ascenso da China como superpotencia tecnolóxica, pasando polas guerras nas súas fronteiras orientais, até a percepción de que os EUA xa non son un aliado fiable, a Comisión Europea considera que o mundo é máis inestable que en calquera outro momento da historia recente. Así, a Comisión tornouse a Comisión Xeopolítica, que traballa para servir os intereses da Unión Xeopolítica. A tecnoloxía é fundamental en moitos destes conflitos: quen a produce, onde é producida e quen a controla. Estas cuestións son fundamentais para a procura da soberanía dixital/tecnolóxica por parte da Comisión, a tentativa da UE de recuperar o control da regulamentación tecnolóxica. Centrándose en temas como o establecemento de estándares tecnolóxicos, a garantía do acceso aos microchips, o control das plataformas en liña e a garantía da seguranza das normas para os datos industriais e a intelixencia artificial, este libro explora a abordaxe da UE á lexislación neste ámbito: unha maior supervisión reguladora e promoción da política industrial internamente, ao mesmo tempo que exporta as súas normas para o estranxeiro.

Outras obras

Pol, Vladimir. 2024. *Les relations Union européenne-Inde: Vingt ans de partenariat stratégique*. París: L'Harmattan.

Nos albores do século XXI, a India está a consolidarse cada vez máis como un participante chave no escenario do poder global. O estado máis poboada do mundo, co seu crecemento económico e o seu poderío militar, segue unha traxectoria de desenvolvemento que, en moitos aspectos, se asemella á doutros países asiáticos, como o Xapón, os Tigres Asiáticos e, máis recentemente, a China. Non obstante, a India sofre de pobreza endémica, un xigantesco sector informal na súa economía e unha capacidade de innovación tecnolóxica aínda por tras dos seus competidores. A UE, polo seu lado, loita por manter a súa presenza so a crecente sombra dos EUA e a China. Non se beneficiarían, entón, do fortalecemento da asociación estratéxica que os uniu durante vinte anos, dunha maior colaboración e da unión de forzas nas fronteiras económica, militar e diplomática para competir coas dúas maiores potencias mundiais? Cales son os límites dunha asociación deste tipo? Cales son as súas perspectivas? E, en definitiva, non podería esta colaboración axudar a definir a identidade futura de ambos as partes?

Cuccia, Deborah, Michael Gehler, e Markus Kotzur, eds. 2026. *50 Years of the Copenhagen Declaration, 1973-2023: Questions on European Identity Policies*. Viena: Böhlau. <https://doi.org/10.7767/9783205223733>.

Na historia das Comunidades Europeas, unha [declaración sobre a identidade europea](#) foi adoptada por primeira vez en Copenhague en decembro de 1973. A través deste documento, os xefes de estado e de goberno dos estados membros definiron un concepto programático para profundar na integración comunitaria, fortalecer a cohesión interna e construír unha política externa común, co obxectivo de impulsar o proceso de unificación. Após unha breve introdución, este libro examina o contexto da declaración, o papel desempeñado polos estados membros fundadores, os estados que naquela altura se uniron á UE no Norte (Dinamarca, Irlanda e o Reino Unido), o Consello de Europa, a propia reunión do Consello Europeo e o Tribunal de Xustiza da UE. O volume esclarece o que realmente está por tras da Declaración de Copenhague.

Davio, Victor. 2026. *EU Fundamental Rights as a Special Source for the European Court of Human Rights*. Lovaina-a-Nova: Intersentia.

Este libro ofrece unha nova perspectiva sobre a relación entre o dereito da UE e a Convención Europea dos Dereitos do Home (CEDH). Aínda que a atención académica se concentre xeralmente na influencia da CEDH sobre o dereito comunitario, a orixinalidade desta obra reside no exame do camiño inverso: a influencia dos dereitos fundamentais da UE na CEDH. Despois de analizar a crecente importancia dos dereitos fundamentais na UE (Parte I), o libro examina a súa influencia na CEDH nas áreas da igualdade e non discriminación, e no da protección de datos. O estudo realza o significativo impacto cualitativo e cuantitativo do dereito da UE na CEDH nestes dominios. Esta influencia pode mesmo ser considerada especial, estendéndose de forma máis profunda e abrangente do que a doutros instrumentos da CEDH (Parte II). Aínda que esta dinámica traia beneficios en termos de lexitimidade e coherencia e sexa probable que creza no futuro, o libro defende que un método especial debe acompañar esta utilización particular do dereito da UE (Parte III).